

2.- EMPRESAS INNOVADORAS

Inditex, Innovación estratéxica na moda orientada ao cliente

INDITEX é un dos maiores grupos de distribución de moda a escala mundial. Ademais de Zara, a maior das súas cadeas comerciais, a entidade conta con outros formatos variados de tendas.

O grupo empresarial reúne tamén sociedades adicadas ás diferentes actividades que forman o negocio do deseño, a fabricación e a distribución textil. É o seu singular modelo de xestión, baseado na flexibilidade e a creatividade, o que nos leva a incluír a INDITEX como exemplo perfecto de empresa Innovadora.

A cultura empresarial Innovadora foi xa a razón da súa creación. Cando o seu fundador, Amancio Ortega, decidiu abrir a súa primeira tenda, fíxoo porque escoitou o que dicían os clientes de entón, cando traballaba como empregado nunha lencería. Constatou que as batas de seda eran un produto moi demandado no mercado, pero poucos consumidores podían acceder a elas. **O seu primeiro acerto foi confeccionar batas cunha calidade similar ás que vendían naquela lencería, pero cun PRECIO INFERIOR.**

Así se cimentaron os dous primeiros piares da filosofía de Zara: creación de roupa de deseño e calidade a prezos accesibles (popularización da moda), e atención continua ás demandas e gustos dos clientes.

O reto estaba en medrar e manter a idea Innovadora inicial ao pasar de ser unha tenda local a unha grande multinacio-

nal. Para iso era necesaria toda unha ampla aplicación de Innovación estratéxica.

INDITEX cambiou as regras do xogo no negocio da moda.

Fronte ao modelo tradicional do sector textil de crear dúas coleccións anuais, INDITEX introduciu o concepto de "coleccións vivas".

Deste xeito crean un clima de escaseza e oportunidade, que anima aos consumidores a mercar inmediatamente o que lles gusta, pois saben que o produto podería non atoparse na tenda se agardan á próxima semana, xa



que as coleccións se renovan constantemente. Esta rapidez de cambio baséase nunha utilización intelixente e Innovadora das novas tecnoloxías na xestión da información.

Dentro das tendas recóllense os gustos e necesidades dos usuarios e son transmitidos a uns servidores.

A diario saben como se está vendendo a colección, grazas aos informes que pasan as caixas de venda, e esa información é aproveitada polos deseñadores.

Para iso, crearon unha intranet e unha extranet privada e, así, a cadea de suministro está totalmente automatizada.

En España, levamos décaas acostumbrados ao xogo de Zara de encontrar algo novo nas súas tendas tódalas semanas. Pero cando abriron a súa primeira tenda en Londres, en Regent Street, os compradores dicían que volverían a mercar a prenda desexada cando comezasen as rebaixas.

Os dependentes tiñan que explicarlles que podían non atopar o que lles gustaba, porque os cambios eran continuos. Os británicos tardaron algún tempo en entender o funcionamento, pero agora a tenda de Regent Street é unha das máis rendibles do mundo.

Pescanova, acuicultura a toda vela

O Grupo Pescanova iniciou, hai máis de 25 anos en Galicia, o seu programa de expansión en acuicultura. Esta iniciativa deu un paso moi importante fai pouco, co proxecto da construción de Acuinoва, en Portugal, a piscifactoría de rodaballo máis moderna do mundo. Pescanova consolídase así como referente na produción mundial desta especie. Producirán agora 7.000 toneladas de peixe, e acadará o seu pleno rendemento en 2010. Actualmente, hai 1.500 alevíns en cría nos 1.800 tanques cos que contan.

O complexo piscícola será tamén un referente global na aplicación de sistemas tecnolóxicos non utilizados ata o momento na produción de rodaballo. O proxecto tamén é pioneiro no seu deseño, elaborado dunha maneira integral, o que lle permite traballar de xeito totalmente autónomo, a diferenza do resto de piscifac-

torías do mundo. Así, a granxa de rodaballo destaca pola súa moderna capacidade operativa, permitindo a manufacturación de pensos e embalaxes para o abastecemento da pranta, entre outros.



A Innovación máis salientable do proxecto é unha potente sala de procesado, que permitirá ao cliente de Pescanova dispór dunha ampla gama de produtos que irá dende o peixe fresco enteiro, ata as futuras liñas de consumo elaborado (refrixerado, fileteado, platos preparados, etc), en función da evolución e demanda do mercado.

Utilizan os sistemas de alimentación automática máis avanzados en acuicultura, unha concepción de enxeñería hidráulica que permite un gasto enerxético mínimo e uso tamén pioneiro neste sector do sistema RFDI (de radiofrecuencia), para controlar o transporte do peixe entre os tanques de cultivo e o seu procesado. No que respecta á circulación da auga, foron construídos nesta unidade os maiores emisarios do mundo en mar aberto, proxectados por debaixo das dunas costeiras, para respetar o medio ambiente.

Pescanova é unha das maiores empresas do mundo do sector da pesca e a acuicultura. O grupo está presente en 21 países, e dispón dunha flota de 120 barcos. O seu crecemento tamén foi sustentado pola Innovación a través de, por exemplo: o primeiro barco conxelador do mundo, a creación das primeiras sociedades mixtas ou os novos cortes de peixe que agora son habituais na nosa dieta (como os medallóns e os lombos de pescada).

Televés, produtos únicos para a nova televisión

A firma compostelana de produtos e servizos de telecomunicacións, Televés, é o grupo empresarial do seu sector que máis patentes desenvolveu na Unión Europea. A compañía impulsou nos últimos anos produtos únicos para a recepción da nova TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE (TDT).

A súa área de I+D+i constitúe o pilar estratéxico da empresa, e adican a ela un grande esforzo económico. O resultado deste despregue de medios e inversión son 53 patentes no seu haber (5 euro-

peas, 30 españolas e 18 en determinados países de Europa).

Ademais, Televés tamén participa na Comisión do Hogar Dixital, un grupo de traballo que ten como cometido estudar e dar a coñecer as posibilidades que as novas tecnoloxías poden aportar á venda. Os avances tecnolóxicos promovidos por esta entidade desde a comisión permiten, entre outras cousas, que un cidadán poida controlar o que ocorre en todo o seu fogar dende o teléfono móbil.

A Innovación ten reflexo nos beneficios económicos da compañía, pero tamén repercute a favor da sociedade, e non só pola aparición de novas tecnoloxías que fan a nosa vida máis cómoda: ten unha influencia no mercado laboral. Televés, nos últimos tempos, incrementou o seu persoal en máis dun 60%, pasando dos 500 empregados a case chegar aos 900.

Galopín, os novos xogos saudables

A actividade principal de Galopín, empresa que ten a súa sede en Cerceda (A Coruña), é o deseño e fabricación de xogos e parques infantís e xogos saudables para adolescentes e adultos. Na actualidade, comercializa as súas seis gamas de xogos e circuitos en Europa, Asia e América. Para a invención e desenvolvemento de novos xogos, conta cunha oficina técnica de persoal altamente cualificado que se adica en exclusiva a esa función. Os produtos constan sempre de varias pezas modulares realizadas con materias primas de primeira calidade e máximo rendemento.

Este ano recibiu, na primeira edición do "Concurso de Ideas do Foro da Madeira", o primeiro premio na categoría de "Elementos de Mobiliario para Espazos Públicos". O galardón foi recibido pola creación de Prometeo, o bambán máis grande do mundo con capacidade para 50 persoas, polo seu deseño funcional e Innovador.

Os seus equipos buscan un deseño ecolóxico co obxecto de crear estruturas versátiles que se integrarán nas áreas de xogo e no medio. O resultado son xogos chamativos, estruturais e incluso esculturais. As súas correntes abarcan dende os xogos figurativos que imitan á realidade ata os abstractos, e todos se basean nos principios ergonómicos. Todos son de uso colectivo e para o exterior,

por iso os materiais deben superar os tests de fiabilidade e resistencia ás radiacións ultravioletas, á néboa salina, probas de carga, de esforzos, de oxidación, etc.



Coren, polos con currículo

O Grupo de alimentación Coren conta cun departamento de I+D+i con máis de 60 persoas traballando. Os seus programas de Investigación inclúen melloras tanto na cría como na alimentación dos animais, o desenvolvemento de novos produtos (tales como os ovos enriquecidos con Omega 3, DHA e EPA, elementos que axudan a controlar o nivel de colesterol). Un fiel reflexo deste compromiso é o seu centro tecnolóxico de investigación; que é a planta de investigación, cría e desenvolvemento máis moderna de España.

Coren tamén está implicado no Centro Tecnolóxico da Carne, ten laboratorios internos e granxas experimentais, e colabora con centros de investigación internacionais, universidades e con outras empresas do sector agroalimentario. Ademais, construíu o seu propio Centro

Tecnolóxico Medio Ambiental, para o tratamento dos seus residuos.

A cooperativa Coren converteuse na primeira empresa española acreditada co selo FREEDOM FOOD. Esta certificación, outorgada pola Sociedade Internacional pola Prevención da Crueldade contra os Animais, avala que os polos de corral que producen cumpren cos máis estritos protocolos en canto ao benestar animal.

En Coren coidan, nas súas granxas reproductoras, ás nais e incluso ás avoas de tódolos polos que poñen no mercado. Para garantilo, presentan ante o consumidor todo o proceso de elaboración do seu polo de corral. "A granxa de Coren" é un proxecto pioneiro en España, e busca reforzar a confianza dos clientes.

Consiste en que todos teñan a oportunidade de coñecer a ficha técnica específica, o libro de familia e o currículo do polo que vai cocíñar a través da introdución na web do número de lote de cada produto.

Así, teredes toda a información sobre o ovo incubado, onde naceu o polliño, o nome do granxeiro que o coidou, ou a pranta onde se elaborou, entre outros aspectos.

